

En abril, enigmas mi/ Días de Libros

O *Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil* celébrase o 2 de abril, recordando unha efeméride relacionada, por suposto, coa lectura: o nacemento do autor (1) de inolvidables historias entre as que se atopa, por exemplo, un conto (2) do que a factoría Disney vai estrear en maio de 2023 unha nova versión.

Un dos libros que indiscutiblemente se encadra entre os celebrados o 2 de abril é unha novela de aventuras (3) na que aparece un pirata inesquecible: pata de pao, loro no ombro... O apelido (4) deste pirata en inglés representa, quimicamente falando, as iniciais dun escritor español (5), nacido o ano (6) que se descubriu Plutón, que ten cultivado todos os xéneros literarios. Unha obra de teatro (7) deste autor protagonízaa a viúva (8) do heroe exaltado na primeira obra literaria (9) composta en castelán, pertencente a una corrente literaria (10) caracterizada pola anonimia. O obxecto citado no título da obra de teatro figura tamén no dunha triloxía (11) -non anónima (12)-, que é unha das obras máis populares da literatura do século XX.

Iniciais (13) parecidas a un clube de fútbol ten unha autora galega consagrada na literatura infantil e xuvenil que estes días anda a presentar unha novela para adultos (14). E coma se dunha enfermidade se tratase, atopamos a Escarlatina nunha obra doutra das autoras galegas (15) máis populares entre o público infantil e xuvenil.

Entre as historias vencelladas co mar, como as primeiras que citamos, non poden faltar a novela *Vinte mil leguas baixo dos mares*, dun autor francés (16) moi relacionado con Vigo, ou aquela que comeza coa famosa frase "Chamádeme Ismael" (17). No ano 2018 o Día das Letras Galegas dedicouse a unha escritora (18) pioneira da literatura infantil e xuvenil en galego; o seu primeiro libro (19) publicouse no ano 1973. Para rematar, neste eido non podemos esquecer a obra (20), tantas veces reeditada e un dos títulos galegos máis lidos, de Xosé Neira Vilas, que se publicara por primeira vez na Arxentina en 1961.

Anímaste a ler algunha destas obras?

PREGUNTAS:

1. nome e apelido do autor homenaxeado:
2. título do conto:
3. título da novela da que se fala a continuación:
4. apelido do personaxe:
5. nome e apelido do escritor:
6. ano de nacemento:
7. título da súa obra de teatro:
8. nome da muller:
9. título da obra:
10. nome da corrente literaria:
11. título da triloxía:
12. nome e apelido do autor da triloxía:
13. nome e apelido da autora:
14. título da novela:
15. nome e apelido da escritora:
16. nome e apelido do autor francés:
17. título da novela que comeza así:
18. nome e apelidos da autora homenaxeada:
19. título do seu primeiro libro:
20. título:

2 de abril

Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil

NOME E APELIDOS _____

CURSO E GRUPO _____

(Podes entregar as túas respostas na biblioteca)